

Faro *da* Cultura

Cen anos sen *Picadillo*

Manuel María Puga
e a gastronomía galega

JOAQUIM VENTURA

Laiábase Álvaro Cunqueiro en *A cociña galega* das limitacións gastronómicas de noso. A propósito dos fogóns dos Patriarcas de Lisboa, falaba da variedade que teñen os portugueses para o bacallau (unha receita para cada día e aínda outra de galano se o ano é bisesto) e, en troques, en Galiza, “nós, pasando coa allada”.

Que existe unha cociña galega –unha maneira propia de encarar o exercicio, cotián ou extraordinario, de alimentarnos– fica fóra de toda dúbida. Cousa distinta é se existiu unha gastronomía galega en ausencia dunha burguesía que a esixise e lle desepulo.

E iso era unha das carencias que padecía a sociedade urbana galega (coruñesa e viguesa, especialmente) cando comezaba o século XX: medraban as clases medias e con elas as mulleres das cidades pasaban a ter o goberno doméstico (con servizo ou traballando elas). Non abundaba con repetir as receitas aprendidas das nais ou da aldea de orixe: as circunstancias familiares e sociais esixían un esforzo complementario.

E foi Manuel María Puga e Parga –víctima do andazo de gripe de hai un século– quen pasou a dar resposta a aquela necesidade. Malia as súas orixes familiares fidalgas e o exercicio do dereito como alto funcionario ou xuíz, a súa vocación era o xornalismo e ben axiña, en 1895, aos vinte e un anos de idade, comezou a colaborar no xornal *El Noroeste* co alcume de pluma ‘Picadillo’. As súas propostas, explicadas cun grande sentido do humor, pasaron de contado a seren populares, circunstancia que permitiu que en 1905 aparecesen agrupadas en forma de libro: *La cocina práctica*. Esta obra –que seguía a *36 maneras de guisar el bacalao* (1901)– ben axiña estivo presente en moitas casas das cidades e vilas galegas. O autor pretendía “enseñar triquiñuelas y adobos a las guisanderas amas de casa”, ás que alcumaba de “nuestras pobres menegildas”.

O libro viña prologado por Emilia Pardo Bazán, quen –en paralelo ás súas crenzas literarias naturalistas– consideraba a importancia da alimentación e da liturxia que lle correspondía. E na vindicación de ‘Picadillo’ e da necesidade de non perder a herdanza culinaria, pedía do coruñés unha obra que faltaba: *La Cociña*.



regional gallega. Sinal, obviamente, de que *La cocina práctica* non xogaba este papel, pero cómpre significar que de maneira explícita defendía a variedade da culinaria galega. Xa que logo peixes e carnes, desde as sardiñas e bacallaus populares, ata a caza, lembranza daquela cociña de pazo, fidalga, do Antigo Réxime.

Puga e Parga foi un persoeiro popular pola súa divulgación en prensa, pola súa bonhomía e pola súa rotundidade corporal (pesaba máis de 200 quilos) a causa dun problema do sistema endócrino desde a súa infancia. E tamén –malia as súas orixes– cando desempeñou cargos políticos: alcalde breve en 1915 e 1917, pola súa xestión nas folgas daquel ano –a causa do cal foi destituído– recibiu a gratitude das sociedades obreiras coruñesas.

A obra de ‘Picadillo’ coñeceu o éxito en forma de diversas edicións, primeiro na tipografía de *El Noroeste*, despois na editorial coruñesa Roel e, finalmente, na compostelá Galí. Oito edicións ata a Gguerra Civil,

posiblemente tres ata 1944 e, en adiante, libro procurado pola súa ausencia nas librarías ata 1961, cando se reeditou sete veces máis ata 1981. Seguiulle outro período de ausencia ata a edición de certo

luxo feita por Everest (2001). Uns anos despois, cando comezaron a morrer os propietarios dos vellos exemplares, a oferta é considerable e a bo prezo.

Non foi ata 1958 cando Álvaro Cunqueiro e José María Castroviejo tentaron recuperar a vella cociña galega en *Teatro venatorio y coquinario gallego* en edición limitada de Monterrey (Vigo), posteriormente amputada na edición divulgativa de Austral. Tiveron que pasar aínda quince anos para que o mindoniense dese ao prelo *A cociña galega* (Galaxia), ao que seguiu o ceitario en castelán *Cocina Gallega* e, xa en 1981, da man de Xurxo Víctor Sueiro *Comer en Galicia*.

Puga e Parga defendía a variedade culinaria galega

Manuel María Puga e Parga en dúas fotografías e nunha viñeta.



ARTE: NOS 106 ANOS
DO PINTOR LUÍS TORRAS / PÁX. III

ENTREVISTA CO EDITOR
HENRIQUE ALVARELLOS / PÁX. V

ESCENA: NO XERMOLAR
DUNHA ESCENA NACIONAL / PÁX. VIII